A situación actual de Venezuela e froito do declive, dende o seu inicio, do réxime socialista bolivariano, que se foi desenmascarando nun sistema caracterizado pola corrupción transversal das súas institución, que deu orixe a unha nova clase social de incalculable capacidade adquisitiva que se alimenta directamente do aparato do estado e as súas institucións, o progresivo incremento do poder da súa cúpula militar, e o traslado a fórmulas que baten de fronte contra o sistema normativo e constitucional da nación.

Poderíamos facer un relato histórico do anunciado declive do réxime socialista bolivariano, pero vamos a destacar algúns dos acontecementos máis recentes que desencadearon na actual situación do país.

En xaneiro de 2016 constitúese o Asemblea Nacional de Venezuela froito dun proceso electoral no que participaron os partidos políticos máis importantes do país, que resultou favorable para o conxunto de partidos da oposición e que foi lexitimado pola comunidade internacional. Pero o seu poder lexislativo foi cuestionado dende o inicio polos integrantes do executivo de Maduro, ata que foi usurpado e asignado a unha creada, ad hoc, Asemblea Nacional Constituínte mediante decreto oficial.

O pasado 11 de xaneiro, Nicolás Maduro xurou o seu segundo mandato como Presidente de Venezuela, tras a celebración dunhas eleccións o 20 de maio de 2018 nas que non participou a oposición e cuns resultados que non foron recoñecidos pola inmensa maioría da comunidade internacional. É a primeira vez que un presidente venezolano non é investido na Asemblea Nacional, como o establece a Constitución



venezolana, porque consideran que Maduro é ilexítimo de orixe e un usurpador do cargo para o período 2019-2025.

O Presidente da Asemblea Nacional, Juan Guaidó, asumiu o día 23 de xaneiro formalmente as competencias do Executivo Nacional como Presidente encargado de Venezuela para lograr unhas eleccións libres.

Centos de miles de venezolanos saíron ese días as rúas en Venezuela e no mundo enteiro para apoiar a convocatoria que lanzou o Presidente da Asemblea Nacional e proclamalo Presidente lexítimo do país, mestras que reivindicaban a saída de Nicolás Maduro. Unha xornada na que morreron 16 persoas, segundo a Comisión Internacional de Dereitos Humanos (CIDH) xunto con decenas de feridos e detidos, dinámica habitual sempre que se celebran este tipo de manifestación, existindo polo tanto unha represión violenta tanto coa a xente que sae a rúa a reivindicar os seus lexítimos dereitos como coa oposición, que democraticamente electa, leva anos sufrindo ameazas, detencións ilegais e torturas que fan que se tema sempre pola súa seguridade.

Ante esta situación EEUU, mediante o seu presidente reconece a Guaidó como presidente interino do país, e de seguido, fóronse sumando outros países como Canadá, Colombia, Brasil, Perú, Ecuador, Arxentina, Paraguai ou Costa Rica.

Pola súa parte a Unión Europea, por medio da súa Alta Representante, Federica Mogherini, apoiou a Asemblea nacional como “institución elixida democraticamente”.

Polo exposto, e ante esta situación, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda declarar a súa solidariedade e o seu apoio ao pobo de Venezuela, co que temos tantos vínculos familiares, e ás súas institucións lexítimamente constituídas, nos seguintes termos:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



1. Que é necesario que se tomen medidas para actuar de forma urxente ante a situación de emerxencia humanitaria que vive o país por estes anos de sometemento a un réxime socialista bolivariano que só trouxo pobreza, falta de alimentos e medicinas e unha violencia extrema que xera unha inseguridade permanente con risco cotián para o dereito fundamental á vida.
2. Que apoia á Asemblea Nacional lexítima democraticamente elixida polo pobo venezolano.
3. Que apoia ao Presidente da Asemblea tamén lexítimo e elixido democraticamente.
4. Que en Venezuela debe iniciarse un proceso de normalización democrática, dando paso a unhas eleccións libres con todas as garantías que exige a comunidade internacional, que poña fin a este proceso de réxime autoritario que conculca de xeito cotián os dereitos individuais, sociais e políticos dos cidadáns venezolanos; e que dito proceso debe facerse de acordo co que estableza a Asemblea Nacional e o seu Presidente como representantes lexítimos do pobo venezolano.
5. Que Galicia asume o compromiso, como fixo ata agora, de axudar aos galegos de Venezuela para saír desta difícil situación na que se encontran e avanzar cara o camiño da prosperidade e do benestar, como achega á recuperación do conxunto do pobo venezolano”.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 28/01/2019 18:11:13

Pedro Puy Fraga na data 28/01/2019 18:11:21

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 28/01/2019 18:11:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/01/2019 18:11:41

Paula Prado Del Río na data 28/01/2019 18:11:52

Marta Rodriguez Arias na data 28/01/2019 18:12:02

Diego Calvo Pouso na data 28/01/2019 18:12:10

Raquel Arias Rodríguez na data 28/01/2019 18:12:23

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2019 18:12:37

Alfonso Rueda Valenzuela na data 28/01/2019 18:12:59

Francisco José Conde López na data 28/01/2019 18:13:51

José González Vázquez na data 28/01/2019 18:14:03

Rosa María Quintana Carballo na data 28/01/2019 18:14:22

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/01/2019 18:14:35

Beatriz Mato Otero na data 28/01/2019 18:14:43

Martín Fernández Prado na data 28/01/2019 18:14:50

José Manuel Rey Varela na data 28/01/2019 18:14:59

César Manuel Fernández Gil na data 28/01/2019 18:15:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/01/2019 18:15:08

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/01/2019 18:15:14

Teresa Egerique Mosquera na data 28/01/2019 18:15:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/01/2019 18:15:29

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/01/2019 18:15:36

Jaime Castiñeira Broz na data 28/01/2019 18:15:45

Moisés Blanco Paradelo na data 28/01/2019 18:15:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Gonzalo Trenor López na data 28/01/2019 18:15:58

Maria Antón Vilasánchez na data 28/01/2019 18:16:06

Daniel Vega Pérez na data 28/01/2019 18:16:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/01/2019 18:16:19

Antonio Mouriño Villar na data 28/01/2019 18:16:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 28/01/2019 18:16:33

Marta Novoa Iglesias na data 28/01/2019 18:16:39

Jacobo Moreira Ferro na data 28/01/2019 18:16:51

Carlos Gómez Salgado na data 28/01/2019 18:17:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/01/2019 18:17:14

María Soraya Salorio Porral na data 28/01/2019 18:17:17

María Isabel Novo Fariña na data 28/01/2019 18:17:21

Rosa Oubiña Solla na data 28/01/2019 18:17:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 28/01/2019 18:17:36

Moisés Rodríguez Pérez na data 28/01/2019 18:17:41

Jesús Miguel Prado Patiño na data 28/01/2019 18:17:45



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, Moises Rodríguez Pérez, Marta Novoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vazquez Dominguez, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil, Salorio Porral** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada polos últimos acontecementos acaecidos en relación a central térmica de Meirama, por coñecer en sede parlamentaria o posicionamiento sobre este tema.

Exposición de motivos:

O peche de Meirama supón para Galicia unha perda de negocio de 20 millóns de euros ao ano, ademais de deixar de asumir uns investimentos comprometidos de 100 millóns de euros para a súa adaptación a Directiva de Emisións Industrias.

Esta é unha moi mala decisión en tanto que afecta aos preto de 100 traballadores e traballadoras que na actualidade ocupa esta central térmica, así como ás empresas que depende da actividade que nela se desenvolve.

Existe, polo tanto, unha corresponsabilidade por parte de Naturgy, que está a dar as costas a comunidade galega dunha maneira inxustificada (o exemplo máis claro o temos no investimento de Endesa nas Pontes); e por parte do Goberno de Pedro Sánchez, que non está a apostar pola industria ao desenvolver unha transición enerxética desordenada, errática, sen diálogo e inxusta en termos de emprego e competitividade.

Desde o grupo parlamentario popular entendemos que non é suficiente un plan industrial que pasa pola construción dun parque eólico e unha central de biogás, polo que o Executivo central debe esixir á empresa que o mesmo inclúa uns compromisos claros para garantir a actividade industrial e o emprego na comarca de Ordes.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **proposición non de lei en Pleno con carácter urxente:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a solicitar do Goberno de España

1.- Que articulen as medidas necesarias para evitar que se materialice a decisión que ten comunicado Naturgy sobre o peche da central de Meirama.

2.- Que no seu defecto, articule xunto a Naturgy un verdadeiro plan de reindustrialización vinculado co mantemento e a creación de emprego, de xeito que ningún dos colectivos afectados se vexa prexudicado pola decisión de peche da central de Meirama.

3.- Que a aprobación deste plan industrial así como as decisións en materia de política industrial vinculadas aos terreos de Meirama se tomen en consenso coa Administración galega.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/01/2019 18:20:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/01/2019 18:20:16

Moisés Blanco Paradelo na data 28/01/2019 18:20:26

Moisés Rodríguez Pérez na data 28/01/2019 18:20:36

Marta Novoa Iglesias na data 28/01/2019 18:20:45

César Manuel Fernández Gil na data 28/01/2019 18:20:54

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/01/2019 18:21:51

Sandra Vázquez Domínguez na data 28/01/2019 18:22:07

Maria Antón Vilasánchez na data 28/01/2019 18:22:27

Raquel Arias Rodríguez na data 28/01/2019 18:22:35

Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2019 18:22:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jacobo Moreira Ferro na data 28/01/2019 18:23:02

Paula Prado Del Río na data 28/01/2019 18:23:14

María Isabel Novo Fariña na data 28/01/2019 18:23:29

Antonio Mouriño Villar na data 28/01/2019 18:23:39

María Julia Rodriguez Barreira na data 28/01/2019 18:23:52

María Soraya Salorio Porral na data 28/01/2019 18:24:10



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A normativa básica en materia de réxime local atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Aínda así, desde o Goberno galego vense prestando apoio aos concellos nesta materia, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente as competencias que teñen reservadas en materia de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración.

Por outra parte, en materia de depuración, tamén hai obras que están declaradas de interese xeral do Estado. Este é o caso da renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela.

Nas actuacións declaradas de interese xeral do Estado o financiamento é competencia directa do Goberno de España, aínda que tamén desde a Xunta se vén colaborando e cofinanciando este tipo de actuacións como se fixo, por exemplo, nos casos das depuradoras da Coruña, de Ferrol, de Lugo ou de Ourense.

Neste sentido, é coñecido que o Goberno galego ten manifestado a súa vontade de colaboración na renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela, como se ten dito, declarado de interese xeral do Estado en Galicia.

Ao fío desta actuación, necesaria para garantir a calidade das augas do río Sar, este grupo parlamentario estamos preocupados pola información coñecida logo da reunión celebrada o pasado 18 de decembro en Madrid entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Nesa reunión trasladouse que, ante o rexeitamento do Concello de Santiago ao proxecto previsto para a execución dunha nova depuradora no Souto, a alternativa proposta polo Concello de ampliar a estación actual da Silvouta suporía que a depuradora non poderá estar en servizo antes do ano 2027.



Este horizonte temporal fai inviable a execución do proxecto da nova depuradora da Silvouta con cargo aos fondos europeos do actual programa operativo Feder e supón demorar a solución ao problema de contaminación das augas do río Sar.

Ante o que pode ser a perda de fondos europeos para o financiamento desta actuación tan necesaria, e co obxectivo de obter compromiso de financiamento por parte do Estado para a nova depuradora de Santiago, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, como Administración responsable de impulsar e executar a renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela, e ao Concello de Santiago, como administración responsable do saneamento e depuración municipal, para que, en colaboración coa Xunta, definan o antes posible un plan de actuación que concrete unha alternativa viable desde o punto de vista ambiental, técnico e económico para garantir a calidade das augas do río Sar.
- 2.- Demandar da Administración Xeral do Estado que, ante o escenario posible de perda de fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020 para a execución da nova estación depuradora, ofrezga garantías xuridicamente esixibles para o financiamento do sistema de depuración da cidade, declarado de interese xeral do Estado e, polo tanto, competencia directa do Goberno de España.
- 3.- Manter o compromiso de cofinanciamento asumido coa EDAR de Santiago de Compostela e, en consecuencia, achegar o 20% do investimento do proxecto comprometido desde a Administración autonómica.
- 4.- Solicitar do Goberno de España que os fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020 que non se poidan destinar á depuradora de Santiago se reasignen a outras obras importantes e imprescindibles nesta materia da Comunidade galega”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2019 09:37:20

Paula Prado Del Río na data 18/01/2019 09:37:37

Maria Antón Vilasánchez na data 18/01/2019 09:37:57

Martín Fernández Prado na data 18/01/2019 09:38:04

Jaime Castiñeira Broz na data 18/01/2019 09:38:17

Jacobo Moreira Ferro na data 18/01/2019 09:38:27

Marta Novoa Iglesias na data 18/01/2019 09:38:42

María Julia Rodríguez Barreira na data 18/01/2019 09:38:55

Gonzalo Trenor López na data 18/01/2019 09:39:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/01/2019 09:39:17



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A poboación menor de 18 anos, destinataria da Convención sobre os Dereitos do Neno, cífrase en Galicia en 410.674 nenos e nenas, que representan o 14,5 % da poboación total.

Todos os programas e proxectos de acción que implementen os organismos públicos e que afecten á infancia deben estar baseados na Convención sobre os Dereitos do Neno, recollendo os principios reitores deste tratado internacional, que son: a non discriminación, o interese superior do neno, o dereito á supervivencia e o desenvolvemento, e o dereito á participación.

A Convención sobre os Dereitos do Neno establece, en forma de Tratado internacional, que os Estados Partes deben asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos dereitos e liberdades que consagra o Tratado; que teñen acceso á educación e aos servizos de saúde, que poden desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, psíquicas, sociais e morais; que crecen nunha contorna de felicidade, protección, benestar e comprensión, que gozan do espaxamento, a cultura, as artes e o deporte e que poden participar dunha forma accesible e activa en todo este proceso.

O 6 decembro de 1990 España ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno, por canto debe observala e facer que se cumpra en todas as súas partes. A Constitución Española no seu Artigo 10.2 afirma que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais. Así mesmo, no seu Artigo 96.1 CE sinala que os tratados internacionais validamente celebrados formarán parte do ordenamento interno. No ámbito estatal, tras vinte anos dende a aprobación da Lei orgánica 1/1996 de Protección xurídica do Menor, recentemente aprobáronse a Lei 26/2015 de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, co obxectivo de garantir



unha protección uniforme aos menores de idade en todo o Estado.

No ámbito da nosa comunidade autónoma, o Estatuto de autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23º e 24º, dos que o primeiro deles da lugar ás transferencias de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais), e das institucións de protección e tutela de menores.

A pesares do cal o ámbito normativo galego relativo á infancia redúcese ao Título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, que se dedica á infancia e á adolescencia, e a ordes específicas. Non existe sen embargo en Galicia, tal e como si que acontece en outras comunidades autónomas, unha lei de protección á infancia, nin órganos e estruturas dedicadas especificamente á análise da situación e a defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Motivo polo cal o informe recentemente publicado por UNICEF “A infancia en Galicia 2018”, destaca entre outras moitas consideracións “a escasa atención, tanto no plano normativo coma documental, que se lle prestou á situación da infancia en Galicia”.

Ademais, no relativo ás estratexias e plans no marco da infancia elaborados pola Xunta de Galicia nestes últimos anos, ou ben acumulan grandes retrasos levando anos en fase de borrador, ou non se dispón dun informe de impacto das mesmas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha e dotar cada ano orzamentariamente durante esta lexislatura, a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia.
2. Crear, poñer en marcha e dotar orzamentariamente e de recursos humanos durante esta lexislatura o observatorio galego da familia e a infancia, como órgano asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e desenvolvemento de actuacións en materia de infancia e familia.
3. Impulsar durante a X lexislatura a elaboración e posta en marcha dunha lei autonómica de infancia e adolescencia.



4. Elaborar e difundir durante a X legislatura, un informe xeral sobre a situación actual da infancia en Galicia, así como específicos sobre a pobreza infantil, e a violencia e abusos contra a infancia, establecendo indicadores, mecanismos de recompilación, análise de datos e medidas a adoptar.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/01/2019 09:50:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/01/2019 09:50:46

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2019 09:50:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/01/2019 09:50:56





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Flora María Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación da atención primaria neste país é deplorable. Cada día somos coñecedoras dun caso máis de colapso asistencial no que debe ser o entorno máis resolutivo, eficiente e sobre todo accesible do sistema sanitario.

O Servizo Galego de Saúde non xestionou nin planificou as necesidades de persoal, especialmente de médicos e médicas de familia e pediatras e agora atopámonos ante un contexto de crise asistencial onde a atención médica no principal elo, a Atención Primaria, se atopa comprometida e non está á altura das necesidades de galegos e galegas, tanto adultos como nenos e nenas.

O Centro de Saúde de San Roque, en Vilagarcía de Arousa, que atende unha poboación de 38.000 persoas, non é unha excepción. A atención sanitaria realizaríase, en caso de que se respectase a dotación establecida, por 21 médicos e médicas de familia, distribuídos en quenda de mañá e tarde, cinco pediatras e 24 enfermeiras, entre outro persoal necesario para a xestión da asistencia (máis outras especialidades).

Mais no momento actual, con ausencias sen substituír, as demoras na citación de persoas que solicitan ser atendidas exceden nalgún caso dos 14 días (para confirmalo bastou con solicitar cita cunha das doutoras que consultan pola tarde o día 18 de xaneiro, sendo adxudicada esta cita o 1 de febreiro). O persoal entrevistado refire, literalmente, que se atopan desenvolvendo o seu traballo “moi





saturados, con moita crispación e con falta de moitos profesionais”. Existen dúas baixas de persoal médico, de longa duración, unha delas de máis de catro meses, sen substituír, sendo os pacientes destes cupos reasignados a outros profesionais, sobrecargando máis as axendas. Isto tamén ocorre co persoal de administración e xestión, que a día 18 de xaneiro refire estar traballando ao 50% (con dúas prazas sen cubrir despois dun longo período de ausencia). Cómpre lembrar que o argumento do SERGAS para non contratar substitutos é o de carencia de profesionais, sendo relativamente verosímil entre o colectivo médico, mais en ningún caso entre o colectivo de Persoal de Servizos Xerais.

Con frecuencia realízanse bloqueos de axendas de profesionais, distribución de pacientes e necesidade de intersubstitución por parte doutros e outras profesionais. Consultadas as axendas ao remate da xornada dalgunhas profesionais médicas, constatamos que atendían máis de 50 pacientes nunha quenda, o que entendemos atenta contra uns mínimos estándares de atención sanitaria digna e respectuosa tanto coas persoas enfermas como coas profesionais. Os cupos de pacientes por equipo superan tamén as recomendacións internacionais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar o Centro de Saúde de San Roque, en Vilagarcía, do persoal necesario e suficiente para xestionar a demanda de atención sanitaria dun modo digno coas persoas enfermas e coas profesionais que as atenden, nuns prazos razoables e coas garantías de accesibilidade que recomentan os estándares internacionais.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena





Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 18/01/2019 12:56:53

Luis Villares Naveira na data 18/01/2019 12:57:08



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora María Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención primaria de saúde é o entorno asistencial máis accesible, eficiente, resolutivo e axeitado para o manexo de problemas de saúde da poboación, en especial cando esta se atopa avellentada, dispersa e alonxada doutros entornos asistenciais. A atención sanitaria no entorno da Primaria nos concellos de Curtis, Sobrado, Vilasantar e Aranga é necesariamente mellorable, e cómpre incidir en medidas para a resolución das súas problemáticas.

Falamos dunha poboación de 7160 persoas, das que 530 son nenos e nenas. Nesa comarca dispónse de centro de saúde en Curtis, Teixeiro, A Castellana (Muniferral pertence á área de Betanzos), Sobrado e Vilasantar. Nalgún deles, como os de Sobrado e Vilasantar, a pirámide de poboación reflicta que o grupo poboacional de maiores de 65 anos, con meirandes problemas de cronicidade e avellentamento, e, por tanto, de necesidades en saúde, sitúase moito por riba do 35%, chegando case ao 40%. A media da comarca colócase no 35,4% da poboación. Este elemento fai necesaria a reflexión de que o dato bruto ‘número de pacientes’ non é representativo da carga asistencial nin das necesidades da poboación, senón que hai elementos, como o avellentamento e a cronicidade, que a poden incrementar de modo moi substancial. Faise necesario lembrar respecto a isto as consideracións sobre a vulnerabilidade que nos achegou o Consello





Galego de Bioética no seu informe sobre a situación dos e das anciáns no noso país.

Ademais desta consideración sobre o avellentamento, dous dos centros da comarca atópanse tamén en termos estritamente numéricos sobrecargados de pacientes. Trátase de Teixeira e Curtis, que atenden unha poboación maior de 15 anos de case 4000 persoas distribuídas unicamente entre dúas médicas. Isto supón unha das sobrecargas máis significativas da provincia, se non a que máis. Compre sinalar que, polo menos no centro de saúde de Teixeira hai espazo físico máis que suficiente para a instalación dunha nova consulta médica, dispoñendo de múltiples espazos baleiros aproveitables a tal efecto.

Isto implica que lista de agarda nos centros de atención primaria de Curtis e Teixeira para a atención polas médicas de cabeceira chega a superar a semana a pesar da profesionalidade das traballadoras dos centros, que están a atender a máis pacientes do recomendable en termos de dignidade e calidade asistencial (tanto para as propias sanitarias como para a poboación enferma). Así foi trasladado en múltiples ocasións ao Pleno do Concello de Curtis nos últimos anos para a súa comunicación ao Servizo Galego de Saúde sen que a situación mudase un ápice.

Por outra banda, no que respecta ó servizo de pediatría, hai unha soa pediatra para os catro centros (Curtis, Teixeira, Sobrado e Vilasantar). En ausencia da persoa titular e sen outra cobertura tense obrigado ás familias a desprazárense cos nenos e nenas ata o Hospital Materno Infantil da Coruña.

Tamén se estableceu a atención de matrona sen equipos para facer o seguimento, desviando as pacientes de novo á Coruña para a realización de probas que antes se facían no Centro de saúde de Betanzos.

No que respecta ao Punto de Atención Continuada de Curtis presta asistencia un único equipo sanitario (1 medic@ e 1 enfermeir@). Non existe reforzo algún en





fins de semana, festividade ou días de especial significación con maior sobrecarga asistencial (acontecementos).

O persoal sanitario debe realizar as asistencias tanto dos pacientes que acoden ao centro como as que se levan a cabo na vía pública ou no domicilio dos pacientes que carecen de mobilidade.

En moitas ocasións, se a situación clínica así o precisa, o equipo sanitario acompaña ó paciente ó hospital de referencia (CHUAC). O PAC de Curtis é o PAC con mais distancia ó hospital da EOXI de A Coruña. Este feito condiciona ausencias prolongadas do persoal sanitario do PAC.

A pesar de ser o PAC máis afastado do hospital de toda a EOXI de A Coruña, trátase do único PAC que non dispón de persoal de reforzo en situación algunha.

A distancia en minutos dende o PAC ós lugares máis afastados onde se presta asistencia é:

Traloregueiro (Cambás, Aranga): **28 minutos**

A Espiñeira (Roade, Sobrado): **28 minutos**

A distancia en minutos do PAC ó hospital é de **35 minutos**, e a distancia en minutos do punto máis afastado do PAC ó hospital é desde A Espiñeira (Roade, Sobrado) a CHUAC: **63 minutos**

As vías de comunicación (especialmente por estrada) da comarca presentan unha elevada sinistralidade, feito que tamén repercute nas necesidades asistenciais do PAC. Falamos da autovía A6 (Aranga), estradas nacionais N-VI (Aranga) e N-634 (Curtis, Vilasantar) e outras vías como as estradas AC-840 (Curtis, Vilasantar), AC 230 e AC-231 (Aranga e Curtis).





Súmanse ademais outros elementos que incrementan a carga asistencial, como a presenza de centros industriais en Teixeira (Polígono industrial de Teixeira, Planta Bioetanol,) e Curtis (Losam), e unha moi importante actividade do sector primario (agricultura, gandaría e actividade forestal). O Camiño de Santiago (Camiño do Norte) atravesa territorios dos Concellos de Sobrado e Vilasantar, provocando un importante tránsito de persoas, sendo o propio Sobrado final dunha das etapas deste concorrido camiño. O centro penitenciario de Teixeira nalgunha ocasión tamén pode aportar algunha necesidade de atención urxente.

Por este motivo, faise necesaria a reconsideración das necesidades de dotación en materia de recursos sanitarios á comarca.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia e nomeadamente á Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, a reconsiderar as necesidades de persoal sanitario dos centros de Teixeira, Curtis, Sobrado, Vilasantar e o PAC de Curtis en base ás carencias arriba documentadas, á sobrecarga dos centros de atención primaria e ao significativo avellentamento da poboación, que redunda nun incremento da complexidade da atención sanitaria.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 18/01/2019 14:28:01

Luis Villares Naveira na data 18/01/2019 14:28:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

O acontecido coa dimisión en bloque dos xefes de Servizo de Atención Primaria na área de Vigo, corresponde só á punta do iceberg dun problema de carácter estrutural ocasionado por unha falta de planificación, que unida aos recortes acometidos polo Goberno provocan unha situación insostible cada vez afecta a máis centros de saúde e que non ten trazas de ir a menos.

Fai pouco tiñamos coñecemento da situación que se vive nos centros de saúde de San Roque en Vilagarcía e Monte Vila en O Grove, nos que a xente chega a esperar ata 15 días para poder ter cita.

Unha situación, a que temos que sumarlle o estado no que se atopa o seu hospital máis próximo, O Salnés, un hospital comarcal con plantas pechadas e servizos eliminados que é vítima dunha modificación legislativa encamiñada a fagocitar as prestacións dos hospitais comarcais.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar aos centros de saúde de San Roque en Vilagarcía e Monte Vila en O Grove, cos facultativos necesarios, cubrindo os permisos, baixas e vacacións, a fin de evitar as listas de agarda.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/01/2019 10:54:12

Luis Villares Naveira na data 21/01/2019 10:54:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A procesionaria, *Thaumetopoea pityocampa* (no seu nome científico), é unha eiruga que se atopa en parques, zonas rurais e bosques onde hai piñeiros e cedros. Chámase procesionaria porque cando os lepidópteros rompen o seu bolsón no que aniñan, baixan ou caen ao chan para enterrarse, completar a súa metamorfose e converterse en bolboreta, formando un desfile que se desliza como unha procesión.

As eirugas adoitan andar polo chan os meses de febreiro, marzo e abril (dependendo da zona na que se atopan. Por exemplo, nas máis frías, pode atrasarse), cando as eirugas abandonan os niños nos que medran nas copas das árbores -piñeiros, sobre todo- para se enterrar baixo terra. É nese percorrido cando resultan especialmente perigosas para nenos e para mascotas, xa que o contacto con elas directamente ou cos seus pelos poden provocar reaccións alérxicas, comechón ou coceira, chegando incluso a ser mortais para as mascotas que as inxiran. De feito, nin sequera é necesario que haxa un contacto directo, xa que os pelos poden quedar en suspensión no aire.

O bo tempo provocou, un ano máis, a temperá aparición da procesionaria. A perigosa eiruga estendeuse nas últimas semanas de 2018 e nos primeiros días deste 2019 e existe unha preocupación real por varias zonas de Galicia, como Ares, Cabanas, A Coruña ou Vigo. En varios piñeirais, destes concellos, e o seu redor pódense ver ringleiras de procesionaria.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que poña en marcha un plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da eiruga procesionaria.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/01/2019 12:05:01

Raúl Fernández Fernández na data 21/01/2019 12:05:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/01/2019 12:05:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Tras a publicación da Declaración de impacto ambiental no BOE do 27 de setembro de 2017 do proxecto de dragaxe da ría do Burgo por parte do entón Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, como continuación a iniciativas anteriores sobre esta actuación ambiental crítica, presentou unha nova batería de proposicións non de lei e de preguntas instando o Goberno galego a impulsar de forma decidida perante o Goberno central a súa licitación para o inicio dos traballos durante o primeiro semestre de 2018.

Desde o informe emitido en decembro de 2013 pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo sobre o estado das rías galegas, teñen pasado xa cinco anos sen que as actuacións de rexeneración ambiental da ría do Burgo teñan dado comezo.

Nos impactos significativos da alternativa elixida para o proxecto definitivo recóllense os bancos marisqueiros afectados polo proxecto e as previsións da duración total do cese de actividade durante a súa execución, que se estima en 23 meses.

Nas súas distintas respostas ás iniciativas parlamentarias debatidas sobre este proxecto, tanto en pleno como en comisión, o Goberno galego sempre presentou argumentos para tratar de desvencellarse desta necesaria actuación ambiental, ben razóns de natureza competencial, cando estamos nun ámbito de competencias concorrentes, ben considerando necesario chegar a un acordo de financiamento do proxecto.

No proxecto de Presupostos Xerais do Estado para 2019 consígnanse para o bienio 2019-2020 no Ministerio para a Transición Ecolóxica os créditos necesarios para a licitación do proxecto, chegándose na reunión mantida o 15 de xaneiro actual na Coruña entre a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia e os concellos ribeiregos afectados a un punto de acordo sobre o financiamento do proxecto, de xeito que se poda iniciar a licitación sen máis demora. A Xunta de Galicia, a pesar de non ter consignado ningún crédito nos seus orzamentos para 2019, parece ser que acudiría á redistribución de fondos europeos asignados a outros proxectos ambientais máis demorados para reasinalos a esta actuación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar con urxencia as medidas orzamentarias necesarias para asegurar o financiamento autonómico do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo.

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/01/2019 12:55:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/01/2019 12:55:57

María Luisa Pierres López na data 21/01/2019 12:56:04

María Dolores Toja Suárez na data 21/01/2019 12:56:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/01/2019 12:56:27



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O ano pasado citamos o informe *Necesidades de Inversión en Conservación 2017-2018* da Asociación Española de Carreteras (AEC), que ofrece un diagnóstico preocupante sobre o estado actual das estradas estatais, autonómicas e provincias da nosa comunidade. Este ano cómpre que o mencionemos de novo, porque o firme, as sinalizacións de todo tipo, as barreiras de seguridade... das estradas galegas continúan sen satisfacer as esixencias de calidade máis elementais.

Non é nada novo. O desleixo do Goberno autonómico e central cara a vertebración do noso territorio vén de lonxe. Ano tras ano incórrase no mesmo agravio, e cada vez acentúase máis. Basta con ver a inversión no mantemento das estradas do Estado en Galicia para comprobalo. Dende o ano 2009 ata o 2017 reduciuse ata a terceira parte. Pasouse dos 139,35 millóns executados aos 45,98 millóns. Deste xeito, como se espera paliar o atraso histórico que padece Galicia en materia de comunicacións?

A situación é particularmente grave en Lugo. Os usuarios levan tempo denunciándoo e reclamando a adecuada conservación das súas vías –entregaron sinaturas ao Goberno, fixeron campañas nas redes sociais, protestaron polos





cortes das estradas, advertiron da proliferación de fochancas nos medios...–, pero nada diso serviu, ata o momento, para que a Xunta os tivera en consideración. Os veciños e veciñas da provincia de Lugo, así como os peregrinos e os turistas, son vítimas da inseguridade viaria por mor da incompetencia do Goberno Popular.

A contorna de Palas de Rei non é unha excepción, como constatan as ducias de accidentes que se producen nas estradas da rede autonómica e da rede provincial que atravesan o seu territorio.

É por isto que a Xunta de Galicia debería tomar a iniciativa de coordinarse con Fomento, coa Deputación Provincial e cos Concellos da zona para adoptar medidas que garantan a seguridade dos condutores e dos viandantes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Construír un enlace alternativo á estrada da Deputación Provincial LU-2901 que permita acceder directamente á N-547.
- Reducir a velocidade nos tramos entre a Baiuca e Palas de Rei a 30 km/hora.
- Controlar a velocidade nos tramos citados con mecanismos que non sexan molestos para os veciños e veciñas.
- Manter limpas as cunetas dos tramos citados.
- Construír un paseo peonil para que os viandantes poidan circular con seguridade entre o acceso á A-54 e Palas de Rei.





- Mellorar a sinalización do acceso á A-54 en A Baiuca e a sinalización horizontal e vertical do entronque da LU-231 coa LU-2901, onde xa se produciron varios accidentes.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 21/01/2019 12:36:26

Marcos Cal Ogando na data 21/01/2019 12:36:35



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Jacobo Moreira Ferro, Guadalupe Murillo Solís, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos

Na actualidade, as comunicacións norte-sur entre as cidades de Pontevedra e Vigo realízanse principalmente, ou ben a través da autoestrada AP-9, ou ben a través das estradas convencionais N-552 (Vigo–Redondela) e N-550 (no treito Redondela–Pontevedra). A saturación de tráfico dos eixes anteriores provocou a necesidade de formular unha nova infraestrutura que conforme unha alternativa aos itinerarios actuais e mellore as comunicacións en todo o ámbito. Así, o Ministerio de Fomento deseñou as autovías A-57 e a autovía A-59.

O 29 de outubro de 2005 publicouse no BOE o anuncio da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia polo que se somete a información Pública o estudo informativo da Autovía A-57: Pontevedra-Conexión A-52.

A Xunta de Galicia informou favorablemente o 5 de xaneiro de 2006 este estudo informativo, solicitando ao Ministerio de Fomento que se conectara esta nova infraestrutura coa área de Vigo-O Porriño. Neste informe indicábase, así mesmo, que se estimaba imprescindible non só a conexión de Pontevedra coa A-52, senón que se realizase un deseño viario que tamén conectase pola marxe leste da ría de Pontevedra, Redondela e a área de Vigo, desconxestionando tanto a AP-9 en Rande como a N-550.

No BOE do 10 de xullo de 2007 publicouse o anuncio da Demarcación de estradas do Estado en Galicia sobre a Resolución da Secretaría de Estado de Infraestruturas e Planificación pola que se aproba o expediente de información pública e a aprobación definitiva do estudo informativo da Autovía A-57: Pontevedra-Conexión A-52.

A Xunta de Galicia informou favorablemente no 2008 o estudo informativo do Ministerio de Fomento “Conexión da autovía A-57 coa rede arterial de Vigo, e o acceso ao aeroporto de Peinador”, que foi aprobado definitivamente polo Ministerio de Fomento o 10 de febreiro de 2009.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



O pasado 13 de decembro de dous mil dezaioito publicouse no Boletín Oficial del Estado a o sometemento a información pública do "Documento Técnico para Información Pública Autovía A-57. Tramo: A Ermida – Pilarteiros. Provincia de Pontevedra" e o seu Estudo de Impacto Ambiental.

O documento contempla ademais da alternativa seleccionada no estudo informativo unha alternativa máis exterior, atendendo así ás peticións de varias entidades locais.

Dada a viabilidade de ambas as alternativas, o documento técnico recolle o trazado de cada unha no procedemento de información pública.

A alternativa 1 é de 5,04 quilómetros, con orzamento estimado en 100,15 millóns de euros. A alternativa 2 é de 6,35 quilómetros e un custo estimado de 124,21 millóns de euros.

Ambos os dous trazados están suscitando o rexeitamento da veciñanza e propietarios afectados, principalmente das parroquias de Bora e Xeve, que xa teñen anunciado un elevado número de alegacións, dadas as grandes afeccións das propostas a vivendas, elementos patrimoniais, fauna e flora.

Visto o rexeitamento xeneralizado destes dous trazados, e considerando que se trata dun investimento que supera os cen millóns de euros, consideramos desexable para o interese xeral que o proxecto de trazado que se leve adiante conte co máximo consenso posible das persoas afectadas e que sexa socialmente asumible.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Popular formulan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Fomento que defina o trazado do treito da A-57 entre A Ermida-Pilarteiros tendo en conta o diálogo cos afectados, a fin de que se adopte unha solución que sexa socialmente asumible e na que se teñan en conta as reivindicacións veciñais que sexan técnicamente viables. E unha vez sexa acordado o trazado cos colectivos afectados, axilice a tramitación administrativa necesaria para levar adiante o proxecto”.



Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/01/2019 17:09:41

Jacobo Moreira Ferro na data 21/01/2019 17:09:57

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/01/2019 17:10:14

Martín Fernández Prado na data 21/01/2019 17:10:23

Jaime Castiñeira Broz na data 21/01/2019 17:10:34

Marta Novoa Iglesias na data 21/01/2019 17:10:42

María Julia Rodríguez Barreira na data 21/01/2019 17:10:53

Gonzalo Trenor López na data 21/01/2019 17:11:06

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/01/2019 17:11:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Aurelio Nuñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marian García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Un dous principais motivos polos que o Sistema Nacional de Saúde é un referente internacional, un elemento cardinal da «Marca España» e un valor esencial do noso Estado do Benestar, son os profesionais sanitarios.

A súa vocación, así como os anos destinados á formación e a capacitación, converten ao conxunto de profesións sanitarias recoñecidas como tal na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias, en activos imprescindibles dun sistema sanitario que nos converteu aos españois nos cidadáns máis lonxevos da Unión Europea e nos segundos do mundo (únicamente superados por Xapón) cunha esperanza de vida ao nacer superior aos 83 anos.

Ademais, os profesionais sanitarios adoitan atoparse entre as profesións mellor valoradas polos españois e fixeron posible que no último «Barómetro Sanitario» do Ministerio de Sanidade, relativo ao ano 2017 e publicado o pasado mes de maio, o Sistema Nacional de Saúde obtivese en Galicia a mellor cualificación dos últimos 15 anos (6,49 sobre 10).

O citado barómetro sinala de forma específica que a atención primaria é o nivel asistencial que mellor cualificación recibe en Galicia, por riba da media estatal, cun 7,54 sobre 10 (polo 6,84 dos ingresos hospitalarios, o 6,60 das consultas de especialistas e o 6,19 das urxencias) e expón tamén que o 88,5 por cento dos pacientes que son asistidos en centros de primaria, tanto por médicos de familia como por pediatras, consideran que a atención recibida foi boa ou moi boa, dato que tamén supera á media estatal.

Con todo, o 67,6 por cento dos participantes no barómetro (unha porcentaxe que ascende ao 69,9 no caso dos galegos) opina que, aínda que o sistema sanitario funciona ben ou bastante ben, necesita algúns cambios, porcentaxe que se sitúa no 26,2 por cento (no 25,5 en Galicia) para aqueles que opinan que o modelo require cambios fundamentais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Ademais, o 62,5 por cento dos enquisados (o 58,2 no caso dos galegos) recoñece que nunca ou case nunca que pide cita co médico no seu centro de saúde é citado para o mesmo día. En Galicia, un 6% dos enquisados afirman esperar entre e 5 e 10 días, unha porcentaxe que, aínda estando moi lonxe do 23,5% que sofre este tempo de agarda na media estatal, é fundamental reducir.

Parece en consecuencia, e a pesar tanto da boa valoración que os cidadáns realizan da atención primaria no Sistema Nacional de Saúde, que hai marxe de mellora no funcionamento do primeiro nivel asistencial para que ademais de ser a porta de entrada ao sistema sanitario, incremente a súa capacidade resolutiva e convértase tamén, unha vez atendidas as necesidades asistenciais dos pacientes, na porta de saída.

Entre outros ámbitos nos que parece percorrer para progresar en atención primaria, destaca o dos recursos humanos, é dicir, o da xestión, a ordenación e a planificación dos profesionais, especialmente dos pediatras.

De acordo coa Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria e a Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria, é necesario impulsar medidas coas que potenciar o papel dos profesionais de atención primaria no Sistema Nacional de Saúde, así como as súas condicións laborais, a súa formación e a súa capacitación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno Central traballar en coordinación coas Comunidades Autónomas, os colexios profesionais, as sociedades científicas e os sindicatos para procurar melloras nos servizos de pediatría de atención primaria do Sistema Nacional de Saúde impulsando medidas coas que:

- Valorar a ampliación da oferta anual de formación sanitaria especializada en pediatría de atención primaria, realizando unha planificación do recambio xeracional en función das necesidades de profesionais da pediatría da atención primaria para os próximos anos.

- Aprobar medidas que incentiven as prazas de difícil cobertura de pediatría de atención primaria, especialmente no ámbito rural, co obxectivo de estabilizar os postos de traballo.

- Actualizar o programa de formación MIR para habilitar a posibilidade de incluír outras rotacións necesarias para o exercicio da pediatría de atención primaria e aumentar a



rotación dos residentes de pediatría polos centros do primeiro nivel asistencial, adecuando o número de créditos ECTS e potenciando a figura e o recoñecemento do titor de residentes.

- Revisar os criterios de acreditación de docente de prazas hospitalarias para a formación MIR en pediatría.

-Desenvolver medidas coas que incrementar a visibilidade e a participación da pediatría de atención primaria na universidade e nos distintos órganos existentes relacionados coa especialización sanitaria.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/01/2019 18:57:42

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/01/2019 18:57:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/01/2019 18:58:06

María Ángeles Garcia Míguez na data 21/01/2019 18:58:12

Marta Rodriguez Arias na data 21/01/2019 18:58:30

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/01/2019 18:58:47

María Soraya Salorio Porral na data 21/01/2019 18:58:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/01/2019 18:59:07

Diego Calvo Pouso na data 21/01/2019 18:59:15





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa as cotas dos colexios concertados.

Exposición de motivos

O luns día 13 de agosto publicouse no Diario Oficial de Galicia a actualización dos concertos cos centros escolares privados da comunidade. O curso comezou con 16 unidades concertadas máis que o ano pasado, sumando un total de 3.929 en todo o territorio. Así, 86.000 rapaces e rapazas acoden hoxe a escolas concertadas galegas. A cifra supón 25% do total. Entre os centros beneficiarios atópase o colexio Las Acacias, de Vigo, un dos catro colexios galegos que segregan ao alumnado por sexo. Isto sucede ao mesmo tempo que a Xunta de Galicia desmantela a educación pública pechando escolas unitarias e negándose a incrementar o número de docentes.

Malia o trato de favor que reciben os centros concertados, estes nin sequera compren coas súas obrigas máis básicas, como a de ofrecer educación gratuíta ás familias que así o requiran. A realidade é que moitos centros aproveítanse do descoñecemento dos pais para facerlles crer que as cotas opcionais son en realidade obrigatorias. Incumpren así o Real Decreto 2377/1985, do 8 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento de Noemas Básicas sobre Concertos Educativos, que di, no seu artigo 14.1, que “1. O concerto educativo obriga ao titular do centro privado a impartir gratuitamente as ensinanzas do concerto do acordo cos correspondentes programas e plans de estudo e con suxeición ás normas de ordenación académica en vigor. 2. Pola impartición das





ensinanzas de nivel educativo obxecto do concerto non se poderá percibir concepto algún que, directa ou indirectamente, supoña unha contrapartida económica pola actividade. 3. Polo concerto educativo o titular do centro obrígase ao cumprimento das normas establecidas no título IV da lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, e nos correspondentes regulamento de aplicación da mesma”.

A Confederación Española de Asociacións de pais e nais do alumnado (CEAPA) vén de presentar un informe que subliña o que estamos a dicir: os colexios concertados están a incumprir a lei sistematicamente coa conivencia explícita das administracións autonómicas e do Estado. O informe, que conta con probas documentais e testemuñas, proba que case a totalidade dos colexios concertados investigados cobran cota obrigatoria. En Galicia, cóbrana o 85% dos centros inspeccionados, que supera os 100 euros mensuais nos casos de Estudio (101 €), Alca (117€) e Rosalía de Castro (144€).

Segundo a presidenta da CEAPA, isto demostra que “a administración promove o copago, xa que non está controlando o lucro obtido polos servizos ligados á ensinanza obrigatoria dos colexios concertados, nin se están adoptando medidas de control e rectificación das prácticas irregulares destes colexios, que prexudica ás familias e á coexistencia dos modelos educativos público, concertado e privado independente”.

A situación é inadmisíbel e ten que mudar de inmediato. Non pode ser que centros financiados con cartos públicos incumpran a lei e deterioren o acceso igualitario á educación, como están a facer moitos centros concertados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir as reivindicacións da CEAPA, a saber:

- Cumprir a Constitución garantindo a gratuidade das ensinanzas nos centros concertados.
- Obrigar aos centros concertados a ser inclusivos. Non poden ser eles os que escollan ao alumnado no proceso de escolarización.
- Separar nitidamente as actividades curriculares dos centros concertados das actividades complementarias.
- Establecer un procedemento para a concesión de concertos que inclúa unha avaliación previa do modelo educativo dos centros. Os centros terían que estar en funcionamento antes de concederlles calquera tipo de concerto.
- Entender a concertación como subsidiaria ao sistema público educativo. É dicir, non se poderá conceder se a escolarización pode ser cuberta dende o sistema público.
- Renovar os concertos existentes só nos casos nos que se cumpran os requisitos expostos no Real Decreto e nunca cos centros que seguen por sexo ao alumnado.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.





Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 21/01/2019 19:10:14

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/01/2019 19:10:21

Luis Villares Naveira na data 21/01/2019 19:11:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No período de tempo transcorrido desde a entrada en vigor do Decreto 182/2004, os centros de información ás mulleres (en diante CIM) reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero grazas ás actividades que desenvolven e, por outra parte, prestaron unha atención inestimable ás persoas que demandaron o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles. Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren potenciais sufridoras desa situación. Deste xeito os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social desde unha relación de proximidade e atención directa.

O decreto 160/2016 configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

As funcións principais dos CIM son:

- Con carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas.



- Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
- Servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas.
- Prestar asesoramento profesional e sociolaboral.
- Facilitar calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde a propia Secretaría de Igualdade se fala de Rede integral a nivel territorial de CIM como un instrumento de colaboración e compartimento de información entre os CIM, na cal tamén participará o órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente cunha función de soporte e coordinación.

A realidade é que a día de hoxe existen 81 CIM en toda Galicia, que atenden a 177 concellos. Que pasa logo cos 136 concellos que non están atendidos? A realidade é que algún ou ben ofertan o mesmo servizos con recursos propios e outros atenden os casos a través dos servizos sociais e derivan os casos que procedan ó CIM máis próximo.

En todo caso, son eminentemente os concellos rurais os que carecen aínda deste servizo, xa sexa propio ou pertencendo a algún centro mancomunado.

Así mesmo se detecta que tan só un 27% dos CIM contan co perfil de axente de igualdade, un perfil que consideramos fundamental para garantir a aplicación da perspectiva de xénero en cada unha das accións que se realizan, pero ademais é totalmente discriminatorio e incoherente que se subvencione ese perfil profesional por debaixo doutros de igual categoría profesional (asesoría xurídica e/ou psicolóxica).

Esta e outras cuestións foron suxeridas nos informes anuais dos CIM de toda Galicia. O 47% deles apuntan cuestións varias que consideran imprescindibles, segundo a súa experiencia, mellorar de cara a ofertar un mellor servizo.

Desde o grupo parlamentario socialista consideramos que a avaliación anual de calquera das medidas implantadas para a loita contra a violencia machista é fundamental para conquistar unha mellor efectividade e eficacia.

E neste caso, e dado a batería de suxestións que parten das propias profesionais dos centros cremos que é de máxima urxencia a posta en marcha de melloras



que permitan facer destes centros a verdadeira rede integral que permita o asesoramento, formación e atención das mulleres vítimas así como na promoción da igualdade de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar as seguintes melloras na Rede CIM de Galicia:

1. Garantir o servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio, mellorando a accesibilidade ós servizos, coa consolidación dunha rede integral de CIM en todo o territorio, atención especializada ás vítimas e plans específicos que favorezan a prevención da violencia, especialmente no rural galego, cun estudio previo da realidade específica desta poboación.

2. Fomento da cooperación institucional e entre os propios CIM.

- Creación protocolos destinados a coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero e reunións interdisciplinares entre todas/os os/as profesionais da Rede de centros CIM, así como con todas as entidades dedicadas a traballar no eido da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, coa finalidade de intercambiar experiencias e implementar en cada un dos concellos os proxectos con éxito que foran desenvolvidos por algunha destas entidades.
- Promoción de maior cooperación interautonómica entre redes de centros. Promoción de encontros coas entidades destinadas a promoción da igualdade doutras comunidades autónomas con idéntica finalidade.

3. Impulso de todas as medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, de cara a inserción laboral e prioridade de mulleres vítimas de violencia de xénero nas ofertas de emprego xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

4. Asegurar a financiación autonómica da Rede CIM. Posta a disposición por parte da Xunta de Galicia dunha partida económica suficiente con fondos propios para a financiación da Rede CIM.



5. Dotar de maior celeridade na convocatoria e resolución anual das posibles subvencións ás que os CIM poden acollerse.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/01/2019 12:30:10

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2019 12:30:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 12:30:22

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/01/2019 12:30:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2019 12:30:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2019 12:30:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No período de tempo transcorrido desde a entrada en vigor do Decreto 182/2004, os centros de información ás mulleres (en diante CIM) reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero grazas ás actividades que desenvolven e, por outra parte, prestaron unha atención inestimable ás persoas que demandaron o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles. Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren potenciais sufridoras desa situación. Deste xeito os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social desde unha relación de proximidade e atención directa.

O decreto 160/2016 configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

As funcións principais dos CIM son:

- Con carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas.



- Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
- Servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas.
- Prestar asesoramento profesional e sociolaboral.
- Facilitar calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde a propia Secretaría de Igualdade se fala de Rede integral a nivel territorial de CIM como un instrumento de colaboración e compartimento de información entre os CIM, na cal tamén participará o órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente cunha función de soporte e coordinación.

A realidade é que a día de hoxe existen 81 CIM en toda Galicia, que atenden a 177 concellos. Que pasa logo cos 136 concellos que non están atendidos? A realidade é que algún ou ben ofertan o mesmo servizos con recursos propios e outros atenden os casos a través dos servizos sociais e derivan os casos que procedan ó CIM máis próximo.

En todo caso, son eminentemente os concellos rurais os que carecen aínda deste servizo, xa sexa propio ou pertencendo a algún centro mancomunado.

Así mesmo se detecta que tan só un 27% dos CIM contan co perfil de axente de igualdade, un perfil que consideramos fundamental para garantir a aplicación da perspectiva de xénero en cada unha das accións que se realizan, pero ademais é totalmente discriminatorio e incoherente que se subvencione ese perfil profesional por debaixo doutros de igual categoría profesional (asesoría xurídica e/ou psicolóxica).

Esta e outras cuestións foron suxeridas nos informes anuais dos CIM de toda Galicia. O 47% deles apuntan cuestións varias que consideran imprescindibles, segundo a súa experiencia, mellorar de cara a ofertar un mellor servizo.

Desde o grupo parlamentario socialista consideramos que a avaliación anual de calquera das medidas implantadas para a loita contra a violencia machista é fundamental para conquistar unha mellor efectividade e eficacia.

E neste caso, e dado a batería de suxestións que parten das propias profesionais dos centros cremos que é de máxima urxencia a posta en marcha de melloras



que permitan facer destes centros a verdadeira rede integral que permita o asesoramento, formación e atención das mulleres vítimas así como na promoción da igualdade de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar de cara á mellora dos medios e recursos de xestión dos Centros de Información ás Mulleres (CIM):

1. Mellora do funcionamento da plataforma Xestión CIM:

- Que permita un mellor uso dos recursos e evite a sobrecarga administrativa, favorecendo o uso da mesma base de datos nas diferentes plataformas de xestión ás que teñen que acceder as profesionais os centros.
- Reformular o sistema de implementación de datos co fin de velar pola confidencialidade na atención ás usuarias. Velar por un servizo que ten que ser próximo ás vítimas, e evitar que se converta nun freo para o asesoramento e prioritaria atención, especialmente no ámbito rural, onde a desconfianza é maior.

2. Dotar ós centros de máis medios técnicos adecuados para o diagnóstico-avaliación das psicólogas, co fin de elaborar os informes para o xulgado.

3. Aumento de recursos de acollemento, económicos e sociais, que permitan romper con situacións persoais de violencia en mulleres de alta vulnerabilidade (con problemas de adicción, prostitución, ...) e dar pasos de cara a independencia e/ou vida autónoma cos seus/súas fillas/os no caso de telos/as.

4. Impulsar a contratación de perfís profesionais do traballo social e da orientación e/ou intermediación laboral, en especial en núcleos de máis de 20.000 habitantes. De cara a unha maior intervención integral coas mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e que complementarían e traballarían de xeito interprofesional coa psicóloga e a asesora xurídica do CIM, tendo en conta o concepto e natureza dos centros de información ás mulleres.



5. Impulsar a presenza de Axentes de Igualdade nos CIM, indispensables no traballo de prevención da violencia.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/01/2019 12:31:03

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2019 12:31:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 12:31:15

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/01/2019 12:31:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2019 12:31:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2019 12:31:29



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No período de tempo transcorrido desde a entrada en vigor do Decreto 182/2004, os centros de información ás mulleres (en diante CIM) reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero grazas ás actividades que desenvolven e, por outra parte, prestaron unha atención inestimable ás persoas que demandaron o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles. Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren potenciais sufridoras desa situación. Deste xeito os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social desde unha relación de proximidade e atención directa.

O decreto 160/2016 configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

As funcións principais dos CIM son:

- Con carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas.



- Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
- Servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas.
- Prestar asesoramento profesional e sociolaboral.
- Facilitar calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde a propia Secretaría de Igualdade se fala de Rede integral a nivel territorial de CIM como un instrumento de colaboración e compartimento de información entre os CIM, na cal tamén participará o órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, principalmente cunha función de soporte e coordinación.

A realidade é que a día de hoxe existen 81 CIM en toda Galicia, que atenden a 177 concellos. Que pasa logo cos 136 concellos que non están atendidos? A realidade é que algún ou ben ofertan o mesmo servizos con recursos propios e outros atenden os casos a través dos servizos sociais e derivan os casos que procedan ó CIM máis próximo.

En todo caso, son eminentemente os concellos rurais os que carecen aínda deste servizo, xa sexa propio ou pertencendo a algún centro mancomunado.

Así mesmo se detecta que tan só un 27% dos CIM contan co perfil de axente de igualdade, un perfil que consideramos fundamental para garantir a aplicación da perspectiva de xénero en cada unha das accións que se realizan, pero ademais é totalmente discriminatorio e incoherente que se subvencione ese perfil profesional por debaixo doutros de igual categoría profesional (asesoría xurídica e/ou psicolóxica).

Esta e outras cuestións foron suxeridas nos informes anuais dos CIM de toda Galicia. O 47% deles apuntan cuestións varias que consideran imprescindibles, segundo a súa experiencia, mellorar de cara a ofertar un mellor servizo.

Desde o grupo parlamentario socialista consideramos que a avaliación anual de calquera das medidas implantadas para a loita contra a violencia machista é fundamental para conquistar unha mellor efectividade e eficacia.

E neste caso, e dado a batería de suxestións que parten das propias profesionais dos centros cremos que é de máxima urxencia a posta en marcha de melloras



que permitan facer destes centros a verdadeira rede integral que permita o asesoramento, formación e atención das mulleres vítimas así como na promoción da igualdade de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar medidas para mellorar a formación continua dos e das profesionais da Rede CIM de Galicia, incidindo en:

- Necesaria impartición de cursos sobre Inmigración e colectivo LGTBI, adaptándose ao novo decreto que regula os CIM.
- Maior formación na área xurídica, en especial no ámbito lexislativo de atención a menores vítimas de violencia de xénero.
- Formación especializada en aspectos relacionados co apego, dependencia emocional, ou traumas.
- Actividades formativas sobre atención a mulleres que sofren de adiccións.
- Oferta de plan de formación anual pautada a primeiros de ano, para que dita formación non se reduza ó último trimestre, e favoreza o acceso das e dos profesionais ós cursos e formacións ofertadas.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/01/2019 12:31:40

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2019 12:31:45

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 12:31:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/01/2019 12:31:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 12:36:22
Nº Rexistro: 44306
Data envío: 22/01/2019 12:36:22.375

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2019 12:32:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2019 12:32:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-my40mJdJ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Soraya Salorio Porral e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 18 de xaneiro de 2019 o *Diario Oficial de Galicia* publicou a instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, de Augas de Galicia para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario.

Un documento que ten como obxectivo poñer en coñecemento de todos os criterios para a homoxeneización e sistematización das actuacións de conservación fluvial, aclarando e protocolizando as actuacións de conservación fluvial que teñen que facer as distintas administracións competentes.

Establece, ademais, os criterios a seguir desde Augas de Galicia naquelas actuacións de mantemento e conservación dos ríos na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa que non discorran por zonas urbanas; tendo en conta que a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas lle corresponde aos concellos, en consonancia coa interpretación dada polo Tribunal Supremo, en sentenza do 13 de decembro de 2017, ao artigo 28.4 da Lei 10/2010, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional.

Estas directrices veñen pois facilitar as tarefas de conservación e limpeza nos case 15.000 quilómetros de ríos existentes na Demarcación Hidrográfica Galicia Costa.

Ademais, de cara a facilitar a limpeza nos treitos urbanos dos ríos, competencia dos concellos, o Goberno galego pon á disposición dos municipios un detallado visor GIS para identificar os tramos nos que lles afectan as citadas tarefas.

Desde este grupo parlamentario consideramos de enorme importancia esta instrución que vén de publicar a Xunta de Galicia para determinar as actuacións de conservación fluvial que se poden levar a cabo na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, onde e

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



como facelas, ademais de clarificar as responsabilidades que ten cada administración neste eido, en aras dunha mellor xestión fluvial na Comunidade.

Porén, na Comunidade galega existen moitos máis ríos que están situados en demarcacións hidrográficas de competencia estatal. Isto é a Demarcación Hidrográfica Miño-Sil; a Demarcación Hidrográfica do Douro; e a Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental.

Tendo en conta que a xestión dos ríos é unha responsabilidade compartida entre a Administración autonómica, a administración estatal e os propios concellos, desde este grupo parlamentario consideramos que sería convinte e necesario, en aras de contribuír a unha mellor xestión fluvial en toda a Comunidade galega, que tamén as demarcacións hidrográficas dependentes do Estado establezan unhas directrices claras e criterios de homoxeneización e sistematización das actuacións de conservación fluvial nos ríos pertencentes a estas concas estatais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia ,formula a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que se dirixa ao Goberno do Estado e ás Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil, do Douro e do Cantábrico Occidental ao obxecto de que elaboren directrices técnicas que establezan criterios de homoxeneización e protocolarización das actuacións de conservación fluvial nas concas da súa competencia, tal e como vén de facer a Xunta de Galicia na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, co fin de acadar unha mellor xestión dos ríos no conxunto da Comunidade.

A estes efectos, que se teña en conta a posibilidade de poñer á disposición dos concellos mecanismos de identificación dos treitos urbanos dos ríos, cuxo mantemento e limpeza é de competencia municipal, co fin de facilitar tamén as tarefas nestas zonas”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2019 13:52:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Gonzalo Trenor López na data 22/01/2019 13:52:56

Martín Fernández Prado na data 22/01/2019 13:53:06

Jaime Castiñeira Broz na data 22/01/2019 13:53:19

Diego Calvo Pouso na data 22/01/2019 13:53:27

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2019 13:53:36

Marta Novoa Iglesias na data 22/01/2019 13:53:53

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2019 13:54:04

María Soraya Salorio Porral na data 22/01/2019 13:54:18

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/01/2019 13:54:26



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación actual da comarca do Salnés respecto á asistencia sanitaria, mostra claramente o problema global da atención sanitaria en Galicia, pero coa especial incidencia nunha zona, na que o seu hospital de referencia é un hospital comarcal, que está a sufrir un deterioro progresivo dos seus servizos, especialmente coa entrada en vigor da modificación da Lei de saúde e polo tanto, a perda de autonomía e capacidade do hospital.

Por outra banda, a porta de entrada do sistema sanitario, a Atención Primaria, atópase nun lamentable estado, con carencias nas súas infraestruturas e con especial falta de persoal para dar cobertura as baixas, vacacións... etc. e manter unha asistencia sanitaria de calidade, xunto cun respecto polos dereitos laborais do persoal.

O sobre esforzo do persoal sanitario é un dos pilares fundamentais que impide o derrube da asistencia, sirva como exemplo, a dobre xornada que tivo que levar a cabo unha médico do Centro de Saúde de Cambados, para que este non quedase cunha soa facultativo, xa que o risco certo e evidente que isto provoca, o vivimos xa nun lamentable episodio neste verán, pese a que a o Goberno siga sen tomar nota. Esa falta de coberturas, ademais de supor un dobre esforzo para o persoal, tamén supón un aumento dos tempos de espera para as persoas usuarias, como fai





pouco denunciaban nos centros de saúde de O Grove ou Vilagarcía, con esperas de ata quince días.

A isto, únese tamén a falta xeneralizada de especialistas en pediatría, unha situación que ao igual que a anterior, tamén é produto dos recortes económicos e da mala planificación. As persoas usuarias de centros de saúde da zona como a Illa ou Ribadumia, nos que falta esta especialidade, teñen que desprazarse a outros centros como Cambados, con conseguinte aumento de ratios neste último.

En relación as infraestruturas, a construción de novos centros de saúde en localidades como O Grove ou Vilagarcía, non parece que exista previsión por parte da Xunta de Galicia para levalos a cabo, polo que a previsión é a de ter que soportar as carencias das que adoecen os antigos centros.

A este panorama tanto na Atención Primaria como na Hospitalaria respecto a comarca do Salnés, debe engadirse a histórica demanda do transporte sanitario, respecto a unha ambulancia medicalizada.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Dotar ao Hospital Comarcal do Salnés dos medios humanos e materiais necesarios para manter abertas todas as súas plantas e servizos.
- Dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada.
- Iniciar os trámites para a construción dos novos centros de saúde en O Grove e Vilagarcía.
- Dotar aos diferentes centros de saúde da comarca do persoal necesario para a cobertura de baixas, permisos e vacacións, de xeito que o centro de saúde non quede desatendido.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.





Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/01/2019 17:20:58

Luis Villares Naveira na data 22/01/2019 17:21:07





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Manuel Lago Peñas e Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos.

A Xunta de Galicia vén de anunciar que levará a cabo unha nova emisión de débeda nos mercados financeiros. Por primeira vez dende o ano 2015, a Xunta de Galicia vai volver a endebedarse a través dos mercados.

Segundo o comunicado emitido pola Consellería de Facenda, a decisión de acudir de novo ao financiamento a través dos mercados financeiros é debido “á mellora das condicións que ofrecen os mercados, cunha redución significativa dos diferenciais que a Xunta quere aproveitar para afondar na reestruturación da débeda; a modificación das condicións que ofrece o Fondo de Facilidade Financeira respecto das condicións de 2015; o actual contexto de mercado, con abundante liquidez; e a conveniencia de estar en mellores condicións para afrontar a supresión dos mecanismos de facilidade para o financiamento”

O punto clave é que este argumentario foi practicamente o mesmo que empregou a Xunta de Galicia no ano 2012 para non acudir aos fondos públicos postos en marcha pola Administración Central, o que provocou o feito de que a Xunta de Galicia incorrese nun importante sobrecusto da débeda, tal e como se pon de manifesto na Conta Xeral 2017 e tal e como veu denunciando o grupo parlamentario de En Marea durante o que levamos de lexislatura.





A Xunta, dende o ano 2015, e co obxectivo de paliar o profundo erro cometido, vén endebedándose a través dos diferentes fondos proporcionados pola Administración central, os cales mantiñan unha condicións máis favorables que as ofrecidas nos mercados de débeda. De feito, o Goberno galego foi dos que máis acelerou o proceso de endebedamento a través dos Mecanismos Extraordinarios de Financiamento, concretamente a través do Fondo de Facilidade Financeira. Mentres en xuño do ano 2015, só o 11,72% da débeda galega estaba vinculada aos mecanismos extraordinarios, en setembro do ano 2018 dita porcentaxe representaba o 56,44%.

Ante os erros cometidos na xestión da débeda pública polo Goberno da Xunta dende o comezo da crise, así como tamén ante as constantes mentiras, enganos e opacidade coa que a Xunta xestionou a débeda galega, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a trasladar, debater e acordar na Cámara galega a estratexia de reestruturación da débeda que está levando a cabo o Goberno galego"

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 22/01/2019 17:31:06

Luis Villares Naveira na data 22/01/2019 17:31:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Miguel Tellado Filgueira, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Moisés Rodríguez Pérez, Encarna Amigo Díaz e Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O 14 de xaneiro deste ano, o Goberno de España presentou -fóra de prazo- un proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado indiscutiblemente discriminatorio para Galicia, co único obxectivo de continuar na Moncloa.

En primeiro lugar, son unhas contas irreais e ficticias. Medra o gasto sen ingresos reais que o soporten. Así, por exemplo, prevén recadar 20.000 millóns máis en impostos pese ao menor crecemento económico. Dentro desta suba masiva de impostos destaca o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia. O mesmo se pode dicir da Seguridade Social, xa que o incremento das cotizacións sociais (está previsto que aumenten un 7,5%) afectará aos autónomos e aos traballadores por conta allea, repercutindo na creación de emprego.

E, se isto non fose suficiente, penalizan a nosa Comunidade Autónoma. En comparación co pasado ano, Galicia ve reducidos os fondos para investimentos nun -18%, ata quedarse en 757 millóns, o que supón a práctica paralización de proxectos comprometidos e estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Mais esta redución non é debida, como aconteceu durante a crise, a un axuste xeneralizado do gasto e dos investimentos públicos. Todo o contrario, os fondos para Galicia baixan no contexto duns presupostos de expansión desorbitada do gasto e nos que, pola contra, outras comunidades ven incrementado dun xeito significativo o importe global dos seus investimentos, así en Cataluña medra nun +67% ou na Comunidade Valenciana nun +61%

Ao longo destes últimos anos os orzamentos permitiron enormes avances como a A-8 que xa está rematada e en servizo; a Autovía Santiago-Lugo con todos os treitos en servizo ou en obras; o Eixe Atlántico ferroviario que xa está en servizo entre A Coruña e Vigo; ou as obras do AVE que xa están encarando a súa recta final.



Sen embargo, as importantes minoracións neste proxecto de presupostos reflíctense en partidas concretas como a ausencia de recursos suficientes para necesidades ferroviarias como a mellora do tren entre A Coruña en Ferrol ou a variante de Cerdedo.

Tampouco se prevén investimentos en ningunha das obras planificadas na AP-9: Alfonso Molina e Vial 18, na Coruña; Enlace Orbital, en Santiago; Nó de Bombeiros, en Pontevedra; a remodelación do enlace de Buenos Aires, en Vigo; ou a supresión da peaxe de Redondela.

Os presupostos tampouco inclúen partidas para obras fundamentais como os novos treitos da circunvalación de Pontevedra; as autovías Vigo-Porriño, a da Mariña ou a Lugo-Ourense. Estas contas constatan a falta de palabra do Goberno central ao prever 0 euros en 2019 e pouco máis para 2020 para Variante Norte de Ourense, pese a que hai poucos días prometeron que se licitaría este ano. Engadir que, aínda que existe un convenio que contempla que a variante de Ponteareas a construíría o Ministerio, agora este orzamento implicaría que a execute a Xunta e achega unha partida insuficiente.

En referencia a autovía Santiago–Lugo, fundamental para o Xacobeo 21, as súas partidas minimizadas e os prazos sen acurtar, en contra do que pedira o Goberno galego.

E, por último, en materia de infraestruturas hidráulicas só constan 65.000 euros para a renovación do saneamento de Santiago e nada nas obras declaradas de interese xeral do Estado. Tampouco figura no orzamento a solución do problema de abastecemento de Vigo, tal e como se acordara.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:**

“O Parlamento de Galicia acorda:

1. Manifestar o rexeitamento do Parlamento de Galicia ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 presentado polo Goberno de España, por ser uns orzamentos irrealis e absolutamente discriminatorios para Galicia.
2. Dirixirse aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados e do Senado para solicitarlles a modificación destes Orzamentos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos comprometidos e orzamentados polo anterior Goberno do Estado.



3. Dar traslado destes acordos ao Goberno, aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Senado e do Parlamento de Galicia, así como á Xunta de Galicia.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2019 17:41:47

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/01/2019 17:41:52

Martín Fernández Prado na data 22/01/2019 17:42:09

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2019 17:42:21

Marta Novoa Iglesias na data 22/01/2019 17:42:36

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2019 17:42:46

Gonzalo Trenor López na data 22/01/2019 17:42:59

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/01/2019 17:43:10

Jaime Castiñeira Broz na data 22/01/2019 17:43:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/01/2019 17:43:25

Maria Antón Vilasánchez na data 22/01/2019 17:43:32

José Manuel Rey Varela na data 22/01/2019 17:44:42

Beatriz Mato Otero na data 22/01/2019 17:44:53

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/01/2019 17:45:00

Diego Calvo Pouso na data 22/01/2019 17:45:09

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2019 17:45:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Daniel Vega Pérez na data 22/01/2019 17:45:24

Teresa Egerique Mosquera na data 22/01/2019 17:45:38

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 22/01/2019 17:45:53

Paula Prado Del Río na data 22/01/2019 17:46:02

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2019 17:54:53



Á MESA DO PARLAMENTO

En Marea maniféstase absolutamente a favor de escoitar, considerar e aplicar con escrupuloso respecto o que as persoas usuarias do sistema sanitario público opinan sobre o servizo prestado e a atención recibida, e avoga por escoitar de modo proactivo as súas suxestións de mellora. Por iso condena os intentos burdos de nesgar esta valiosa información.

Se en verdade o Sergas, a Consellería de Sanidade, tivese interese en mellorar o modelo desde a perspectiva dos e das usuarias, o modo tería que ser outro moito máis válido: cada consulta dos centros de saúde ou dos hospitais do país podería entregar ao usuario/a dese día unha enquisa anónima que podería ser cuberta nas esperas e introducida na caixa de correo correspondente. Enquisa a ser redactada por persoal especializado e contando coas aportacións dos implicados/as, doentes, profesionais e colectivos de doentes e profesionais.

Lembramos ademais o pouco respecto que se manifesta no SERGAS co impulso e recoñecemento das vías de participación cidadá establecidas nas diversas normativas, como os Consellos de Saúde de Área.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia, concretamente á Consellería de Sanidade, a coñecer a situación real da sanidade pública galega percibida polas persoas usuarias mediante a organización seria e con rigor metodolóxico de mecanismos de participación e o impulso dos xa recoñecidos na normativa, como os Consellos de Saúde de Área , ademais da habilitación de vías para que as e os profesionais do sistema, mediante os cauces democráticos que eles e elas decidan, aporten a súa opinión cualificada sobre oportunidades de mellora do sistema.





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 24/01/2019 11:59:42

Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 11:59:52



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

O Partido Popular, desde a súa recuperación da xestión na Xunta de Galicia, ten amosado un desleixo absoluto polo coidado da planificación e dotación de recursos para a atención en materia de saúde mental dos galegos e galegas. Paralizou o Plan Estratéxico de Saúde mental e estableceu o control das xefaturas dos servizos de psiquiatría con persoas afíns.

Isto contribuíu ao debilitamento asistencial en saúde mental, empeorando os indicadores de saúde, o malestar percibido, o aumento de suicidios e a carga sobre as familias. A saúde mental foi unha diana intencionada da política de recortes, incrementando a vulnerabilidade das persoas enfermas e das súas familias.

O Movemento galego de saúde mental desenvolveu unha ampla e consistente campaña visibilizando un repunte nos casos de suicidios e a carencia de Plan de Prevención (así como dun Plan en Saúde Mental) despois de anos de merma de recursos que abocaron á saúde mental galega a unha situación insostible.

Tras esta importante mobilización social, no Pleno do Parlamento de Galicia do 21 de febreiro de 2017, o Conselleiro de Sanidade anunciou que ámbolos dous plans ían estar elaborados nuns meses, establecendo para o Plan de Saúde Mental un tempo de execución para o período 2017-2020.

Nestes case dous anos as promesas non se concretaron e a situación asistencial continuou degradándose: publicouse o plan sobre o suicidio pero non se executou, continuou o deterioro asistencial, permitiuse o ingreso de pacientes con





procesos agudos en centros sociosanitarios, mantívose a contención mecánica (o cal sustentou unha nova protesta do MGSM ata o compromiso recente do peche do cuarto de contención no CHUAC), exerceuse violencia institucional no tratamento psiquiátrico, e limitouse por carencia de recursos o acceso ao tratamento psicoterapéutico en moitos casos indicados, fomentando o sobreatamento farmacolóxico ante malestares diversos e derivados do contexto socioeconómico.

Faise necesario o desenvolvemento do Plan Galego de Saúde Mental, que deberá contemplar a presenza de persoas afectadas na súa redacción, así como profesionais exclusivamente do sistema sanitario público, debe utilizar como referente o modelo comunitario, os dereitos das persoas enfermas e o enfoque de xénero. Debe entender a Atención primaria como o eslavón asistencial de referencia, tamén para a poboación con necesidades en materia de saúde mental, o equipo de saúde mental debe ser interdisciplinar, e debe contemplar a previsión orzamentaria suficiente e necesaria para as necesidades de dotación tanto material como de recursos humanos.

O Conselleiro de Sanidade ten utilizado manobras publicitarias para o anuncio da planificación en materia de saúde mental aproveitando contextos oportunistas como o Día Mundial da Saúde mental, pero non se concretan as melloras anunciadas.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a impulsar, coidar e concretar o Plan Galego de Saúde Mental, con dotación orzamentaria suficiente, que contemple as necesidades profesionais e materiais para abordar as necesidades en materia de saúde mental das galegas e galegos, reducidas nos últimos anos a unha atención mermada, deficitaria, indigna e insuficiente por falta de vontade política no seu manexo.





Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 24/01/2019 11:24:01

Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 11:24:10



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A “*Ley de la cadena alimentaria*” supuxo un gran avance nas relacións entre os distintos elos da cadea de comercialización xa que estableceu un marco de actuación para eles. A súa aplicación e desenvolvemento corresponde á *Agencia de Información y Control Alimentaria (AICA)*, responsable tamén de comprobar o seu cumprimento, vixiando as relacións entre os operadores da cadea alimentaria e de impoñer sancións no caso de que non sexa así.

A regulación relativa á “venda a perdas” está recollida na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista. O artigo 14 de esta lei regulaba a venda, o cal foi declarado incompatible coa Directiva 2005/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2005, sobre prácticas desleais das empresas aos consumidores no mercado interior por unha sentenza do Tribunal de Xustiza da UE.

Esta declaración de incompatibilidade fixo necesaria a súa modificación, o que se realizou mediante o Real Decreto Lei 20/2018, de medidas urxentes para o impulso da actividade económica no sector da industria e do comercio que ven de ser publicado no BOE do pasado día 8 de decembro.

O certo é que a nova normativa regula a prohibición da venda a perdas na lexislación española, no caso de determinadas prácticas, se se consideran desleais, pero con esta modificación entendemos que se dá maior liberdade para decidir o prezo de venda.

Esta situación preocupa ao sector produtor, xa que imposibilita continuar a loitar contra o uso de determinados produtos alimentarios como reclamo nas cadeas de supermercados.

Unha denuncia reiterada de cooperativas e organizacións agrarias que suscitaron unha boa parte das inspeccións levadas a cabo pola Administración galega.



No que todos coinciden é en que esta nova norma xera aínda máis complexidade, subxectividade e arbitrariedade, volvéndose inútil na práctica para protexer ó sector produtor, quen se quedou fora do ámbito desta normativa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a necesidade de protexer ao sector produtor alimentario coa oportuna modificación da Ley de la Cadena Alimentaria, tal e como demandou o dito sector”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 12:34:40

Moisés Blanco Paradelo na data 24/01/2019 12:34:51

Jesús Miguel Prado Patiño na data 24/01/2019 12:34:58

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2019 12:35:06

Carlos Gómez Salgado na data 24/01/2019 12:35:13

Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 12:35:22

Daniel Vega Pérez na data 24/01/2019 12:35:30

Rosa Oubiña Solla na data 24/01/2019 12:35:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O elevado prezo das peaxes da autoestrada AP-9 entre Ferrol-Coruña e Tui constitúe un grave atranco para o desenvolvemento económico e social de Galiza xa que dificulta a conectividade, a mobilidade e a competitividade, e ten graves prexuízos tanto para as persoas como para as empresas, especialmente para as do sector do transporte. O feito de que sexa máis caro viaxar desde Coruña a Vigo que desde Coruña a Madrid é un dato elocuente que pon en evidencia a discriminación e agravio que supón a actual situación da autoestrada.

As decisións políticas adoptadas pola Xunta de Galiza e polo goberno central nas últimas décadas redundaron en beneficios millonarios para a concesionaria, en abusos para as persoas usuarias e en estafa para o conxunto de Galiza. O acontecido coas obras de ampliación da capacidade da ponte de Rande, con continuos atascos e retencións, foi o punto culminante dun auténtico atraco e deu lugar a unha onda de indignación que tivo como resultado unha demanda colectiva da fiscalía de Pontevedra contra a concesionaria.

O abusivo incremento das peaxes na AP 9 ao longo de 2018 e no comezo de 2019 aínda veu a agravar máis a situación. E está a ter como consecuencia o incremento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do tráfico en estradas convencionais paralelas á autoestrada, sobre todo vehículos pesados que seguen outros itinerarios para evitar o pagamento de peaxes abusivas. Unha situación que está a ter graves consecuencias para a seguridade viaria e para a calidade de vida das persoas que viven na contorna destas estradas.

Recentemente o goberno central aplicou rebaixas do 30% e gratuidade nocturna nas autoestradas arruinadas e rescatadas polo Estado, entre elas as radiais madrileñas. O BNG considera de xustiza que cando menos se adopten medidas similares no caso das autoestradas galegas de titularidade estatal, como un paso no camiño cara á supresión das abusivas peaxes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a demandar do Goberno do Estado

1. O establecemento dunha rebaixa xeral de cando menos o 30 % e gratuidade en horario nocturno nas autoestradas de titularidade estatal AP9 e AP53, como un paso adiante no camiño cara á supresión das abusivas peaxes.

2. Que esta medida entre en vigor no primeiro semestre de 2019.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 12:44:24

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 12:44:29

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 12:44:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 12:44:33

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 12:44:35

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 12:44:36





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do lugar da Vaquería, na parroquia porriñesa de Budiño, leva tempo demandando melloras na autoestrada autonómica PO 510, sobre todo a raíz dos cambios impostos pola Xunta de Galiza en 2015, cando se pintou unha liña continua entre os PK 2.200 e 2.600, dificultando as manobras e a mobilidade nesta zona. Cómpre ter en conta que como consecuencia destes cambios, non se pode cruzar a pé dun lado a outro da calzada e os peóns teñen que andar longas distancias para cruzar a unha vivenda, un negocio ou unha propiedade que está no lado contrario. O mesmo ocorre no caso dos vehículos, que teñen que dar grandes rodeos para pasar dun lado a outro.

Para corrixir esta medida que causa moitos prexuízos tanta para a mobilidade motorizada como para a peonil, a representación veciñal presentou numerosas solicitudes á xefatura do servizo de infraestruturas da Xunta de Galiza, sen que por parte desta administración se procurase unha solución a estas demandas. A peticións veciñais poden resumirse na demanda dunha illa central que facilite o xiro á esquerda e na construción de pasos peonís, como medidas razoábeis para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria.

Aínda que o pasado mes de abril de 2018 a Consellaría de Infraestruturas e mobilidade anunciou a intención de estudar melloras na zona, nada se sabe ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante as evasivas e a demora dunha solución a estas demandas, a veciñanza comezou a mobilizarse o pasado mes de novembro, mediante concentracións semanais e cortes de tráfico.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a atender as demandas da veciñanza do lugar da Vaquería (Budiño) para mellorar a seguranza viaria e a mobilidade na estrada autonómica PO 510 mediante a construción de pasos de peóns e unha illa central no treito comprendido entre os PK 2.200 e 2.600.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 13:01:36

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 13:01:42

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 13:01:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 13:01:46

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 13:01:47

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 13:01:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación coa recuperación da Torre de Caldaloba.

Exposición de motivos

A Torre de Caldaloba resistiu cruentas batallas, pero é posible que non poida soportar o desleixo da Xunta de Galicia, que non mostra o máis mínimo interese pola súa conservación e pola difusión da súa historia.

A Torre, cuxa relevancia reflíctese no propio escudo do Concello de Cospeito, onde está situada, protagonizou un dos últimos enfrontamentos da guerra Irmandiña (1467-1469). Trala mesma, foi reconstruída polo xenro de Pardo de Cela, Fernán Ares de Saavedra. A construción permitiu aos herdeiros do mariscal de Galicia soportar numerosos ataques, pero no ano 1485 caeu en mans dos seus inimigos, polo que foi vendida e desmantelada.

A torre é una construción de 25 metros de altura, planta cadrada, con 10 metros de lado e muros de máis de 2,5 metros de espesor. Orixinalmente contaba con catro andares, incluída a planta baixa, e remataba nunha bóveda de canón. Foi construída nalgún momento comprendido entre os séculos XIII e XIV nun outeiro de máis de 450 metros de altitude, o Coto do Mato, onde se aproveitaron os fosos dun castro da Idade de Ferro.

Na actualidade, a fortaleza –Monumento Nacional por decreto de 1949 e Ben de Interese Cultural dende 1994– está en mans privadas. O seu estado de conservación e acceso son lamentables. No ano 1998 foi obxecto dunha





reparación que permitiu asentarse un pouco a estrutura, pero que non foi suficiente para frear o seu deterioro. Do camiño que leva ata ela basta dicir que é practicamente intransitable por culpa das silveiras, dos toxos, das ortigas e da densa maleza que cubre o espazo. Así, non é de estrañar que o baluarte leve tempo inscrito na lista vermella do Patrimonio Galego, que alerta dos bens patrimoniais en mal estado e risco de desaparición.

O ano pasado, tanto a propietaria da fortaleza como o Concello acordaron levar a cabo traballos de reparación e mantemento, pero atopáronse con numerosas trabas, entre elas, de financiamento. O alcalde de Cospeito intentou que a administración galega colaborase nas tarefas de recuperación da Torre, pero non tivo ningún éxito.

Non é a primeira vez que se fala da Torre de Caldaloba no Parlamento. Tódolos anos discútese a súa precaria situación e tódolos anos a Xunta de Galicia de Núñez Feijóo prefire lavar as mans a buscarlle unha solución ao seu mantemento. Confiamos en que isto mesmo que estamos a dicir non o teñamos que repetir o próximo curso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a prestarlle a colaboración necesaria ao concello de Cospeito para que se poida garantir a preservación e recuperación da Torre de Caldaloba, así como a difusión da súa historia.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 13:36:40

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 13:36:47

Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 13:36:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Mediante unha Orde do Ministerio do Interior de xuño de 1991, se adscribe unha Unidade do Corpo Nacional de Policía á Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do previsto no Real Decreto 221/1991, do 10 de febreiro, e tamén en base ao acordo de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, formalizado en outubro de 1990.

Na prórroga deste Acordo, de outubro de 2005, estando o Partido Socialista tanto no Goberno de Galicia coma no Goberno do Estado, se determinaba o número de efectivos do cadro de persoal desta Unidade de Policía Adscrita (UPA), fixándoo en 500 efectivos.

Sen embargo, desde o ano 2008 e posteriores se producira na UPA unha incesante perda de persoal, ata baixar aos 348 efectivos no ano 2011, sen que o Goberno socialista do Estado fixese nada por remediar esta situación.

Tivo que ser o novo Goberno do PP en Madrid, o que, practicamente desde o comezo, en xaneiro de 2012 adoptase a decisión de fortalecer o persoal da UPA, convocando nos anos 2012 e 2013 sendos concursos para a provisión de prazas na Unidade, que chegou ao seu teito histórico a mediados de 2013 con 474 efectivos, o que supón o 95% do seu cadro de persoal.

Deste xeito a UPA desde o ano 2013 fora incrementando competencias, especialmente ás referidas á protección de mulleres vítimas de violencia de xénero, pero tamén fortalecendo a loita contra os incendios forestais e contra furtivismo e marisqueo ilegal.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Pero agora de novo, motivado por varios factores como xubilacións, ascensos e pases á segunda actividade, a UPA perdeu demasiados efectivos.

Nese sentido, no programa electoral co que nos presentamos ás eleccións autonómicas do ano 2016, comprometimos que *“Propiciaremos a mellora dos medios humanos e materiais da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), de xeito que permita a creación de novos equipos operativos, cumprindo máis eficaz e eficientemente as súas funcións, dando así mellor resposta ás demandas da sociedade galega. Neste sentido, manteremos as liñas de colaboración co Ministerio de Interior, semellantes ás que permitiron incrementar nos anos 2012 e 2013 o número de efectivos da UPA, e asinar en 2014 e 2015 sendos protocolos de colaboración”*.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o debate en Pleno:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que por parte do Ministerio do Interior, a través da *Dirección General de la Policía* se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar canto menos ata 475 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 14:01:03

María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2019 14:01:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 44557
Data envío: 24/01/2019 14:18:00.000**

Paula Prado Del Río na data 24/01/2019 14:02:05

Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 14:02:19

Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2019 14:02:48

María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2019 14:04:31

César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2019 14:05:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-HRLUUIR5P-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O mércores 17 de outubro o Congreso aprobou unha Proposición non de Lei do grupo Unidos-Podemos que solicitaba a incorporación da materia de filosofía na ESO e nos dous cursos de Bacharelato. A iniciativa foi emendada e apoiada por tódolos partidos políticos, incluídos o Partido Socialista e o Partido Popular, artífice da LOMCE, que no seu día expulsou á Filosofía dos institutos.

A PNL “manifesta a vontade” de “deseñar un currículo común para todo o sistema educativo non universitario, que ao mesmo tempo sexa estable e flexible nos contidos”; “incluír (...) un ciclo formativo en Filosofía secuenciado durante os últimos tres cursos da Secundaria, de forma análoga ao que sucede noutras materias como Lingua, Matemáticas e Historia”; “o novo currículo de 4º da ESO incorporará a materia de Ética como materia común e obrigatoria”; e “reorganizarase o currículo de Bacharelato para establecer Filosofía e Historia da Filosofía como materias comúns e obrigatorias de 1º e 2º Bacharelato”.

O día seguinte, o Ministerio de Educación e Formación Profesional manifestouse dicindo que a “Ministra de Educación e Formación Profesional, Isable Celaá, decidiu incorporar a materia de Historia da Filosofía, que actualmente se imparte





como materia en 2º de Bacharelato, como obrigatoria nesta etapa educativa”. “En definitiva, a partir da entrada en vigor da reforma que prepara o equipo de Isabel Celaá, os estudantes cursarán de forma obrigatoria as materias de Filosofía e Historia da Filosofía en Bacharelato. Así mesmo, estudarán tamén de forma obrigatoria contidos de ética no curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) máis conveniente”.

Non obstante, segundo se desprende da actual redacción do anteproxecto para a reforma da LOMCE que elaborou recentemente o Ministerio de Educación, o Goberno decidiu, de maneira unilateral, incumprir o seu compromiso de recuperar a materia de Filosofía nos termos que foran acordados. Así foi denunciado pola Rede Española de Filosofía (REF).

Se a proposta socialista saíse adiante, o alumnado podería rematar a ESO sen recibir unha soa materia de Filosofía, xa que o Goberno pretende eliminar tamén a optativa de Filosofía de 4º da ESO. A materia só se impartiría obrigatoriedade no 1º e no 2º curso de Bacharelato. Deste xeito, coa nova reforma, a Filosofía estaría nunha situación aínda máis precaria que coa LOMCE.

O Goberno pretendeu escusar a súa decisión facendo pasar a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos por unha materia de Ética, cando non o é, xa que, como foi argumentando dende a REF, “a materia de valores cívicos explica o que (hai que respectar tales valores), pero non entra no como (a análise e a interpretación crítica de estes valores)”. O feito de que se propoña que a materia de Educación en Valores Cívicos sexa impartida a medias con profesores de Historia é xa, en si mesmo, un síntoma claro de que o seu carácter non é estrictamente filosófico.





Así as cousas, o Goberno socialista debería rectificar inmediatamente a súa decisión de esquinar aínda máis á Filosofía e cumprir co compromiso rubricado co conxunto das forzas políticas do Congreso.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a instar do Goberno do Estado que asuma as esixencias especificadas na iniciativa aprobada polo conxunto dos grupos políticos do Congreso para recuperar a materia de Filosofía tanto na ESO como no Bacharelato.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 14:17:32





Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 14:17:38

Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 14:17:45



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a **seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, aprobada sen ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, supuxo un notable incremento das obrigas de transparencia e rendición de contas da administración autonómica.

Aquela lei incluíu o cumprimento dun compromiso feito polo Presidente da Xunta: a creación dun Portal de Transparencia e Goberno aberto unificado, superando a situación de dispersión da información derivada da insuficiencia da Lei de transparencia do ano 2006.

O proxecto da actual Lei incluía como contidos do portal, ademais dos xa presentes na anterior lei, contido nunca antes publicado como órganos colexiados adscritos, trasposos de funcións asumidos, delegacións de competencias vixentes, inventario de entes, contratos programa dos entes, códigos éticos, composición das mesas de contratación, formalización dos contratos, resultados das avaliacións de calidade, plans económico-financeiros, RPTs e cadros de persoal, liberados sindicais, normativa vixente consolidada, resolucións xudiciais firmes que afecten á interpretación da normativa, número de vehículos oficiais, información sobre urbanismo

A tramitación parlamentaria serviu para enriquecer o texto e, a proposta dos grupos da oposición, incluír aínda máis contidos no Portal, como o Plan Estratéxico, as axendas públicas, os obxectivos das viaxes de altos cargos ou as modificacións orzamentarias.

Este novo Portal entrou en funcionamento en marzo de 2016. Segundo as últimas estatísticas feitas públicas polo goberno galego, desde o momento da súa posta en marcha ata o 31 de decembro de 2018, o Portal recibiu 305.630 visitas e foron consultadas 1.253.872 páxinas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Estas estatísticas amosan o interese da cidadanía galega pola cada vez máis ampla oferta de información pública e transparente que ofrece a Xunta de Galicia. Tamén derivadas dese interese ou de iniciativas de impulso parlamentario, se foron engadindo ao longo destes últimos tempos novos procedementos de goberno aberto como a consulta pública previa ou a publicación de informes de execución dos fondos comunitarios.

Asemade, neste tempo teñen entrado en vigor novas normativas sobre procedemento administrativo, contratación pública, protección de datos, reutilización de información pública ou seguridade das redes.

En consecuencia, tanto os novos contidos como a nova normativa que os enmarca e tamén os novos medios tecnolóxicos ao dispor da administración autonómica recomendan unha revisión da infraestrutura e estrutura do Portal para acomodalo á situación actual e mellorar a súa accesibilidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a executar un proceso global de revisión e mellora, dende o punto de vista funcional e tecnolóxico, do Portal de Transparencia e Goberno Aberto que permita avanzar na calidade e accesibilidade da información pública que ofrece o goberno galego e na participación da cidadanía nos asuntos públicos”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2019 14:25:42

Paula Prado Del Río na data 24/01/2019 14:26:00

Alberto Pazos Couñago na data 24/01/2019 14:26:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2019 14:26:22

María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2019 14:26:41

Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2019 14:26:56

María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2019 14:27:09

César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2019 14:27:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-bKl2Mh4q-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación co Pazo de Reibó.

Exposición de motivos:

A historia do pazo de Reibó parece sacada dun conto fantástico, pero é real. O pazo foi trasladado dende Negreira ata Abegondo, 75 quilómetros, pedra a pedra. Agora véndese en diversos portais inmobiliarios por 750.000 euros. Tamén está dispoñible para ser alugado por negocios de hostalería e semellantes.

O pazo orixinal data de 1450. A súa nova superficie é de 13.000 metros cadrados e aínda está pendente de rematar, xa que non está debidamente acondicionado por dentro.

O pazo estaba nun estado deplorable dende polo menos o ano 1985, tal é como describe un artigo da Voz de Galicia da época. No ano 1995, foi desmontado e levado a outra localidade. Os concellos de orixe e destino mostráronse indiferentes ante o traslado en todo momento. O concello de Abegondo manifestou que nunca recibira ningunha denuncia sobre a edificación, mentres que Negreira se limitou a subliñar o obvio: que o pazo de Reibó desaparecera fai tempo.

Segundo a Asociación en Defensa do Patrimonio Galego, a reconstrución do pazo no novo emprazamento non pode considerarse, de ningún xeito, unha





restauración, xa que as pedras non ocupan o lugar que lles correspondía e a súa estrutura mudou con respecto á orixinal.

Trala denuncia dun seguidor da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural de Galicia, a Consellería de Cultura da Xunta decidiu abrir un expediente para coñecer se o Pazo de Abegondo era, efectivamente, o pazo de Reibó. Non foi sen tempo, xa que fan case 25 anos da desaparición do pazo.

Así, a historia da desaparición e posterior reconstrución do pazo de Reibó demostra o desinterese da Xunta de Galicia polo coidado dos nosos bens patrimoniais. Un pazo do século XV pode desvanecerse no ar e aparecer a 75 quilómetros de distancia e ninguén no Goberno se sorprende o máis mínimo.

Por todo o dito, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a emitir algunha autorización administrativa, conforme ao artigo 65 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, que permita intervir sobre o pazo de Reibó.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea





Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2019 15:22:33

Luca Chao Pérez na data 24/01/2019 15:22:40

Luis Villares Naveira na data 24/01/2019 15:22:51





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás necesidades de impulso do naval da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É unha opinión compartida por amplos sectores do ámbito socio-laboral, institucional e político da comarca de Ferrolterra a necesidade da demanda do acceso real a todo tipo de construción naval na Ría de Ferrol: buques civís, bens de equipo, reparacións, aeroxeradores, etc.....; na conciencia de que o nicho da construción naval militar supón un veto ás posibilidades que ofrecen os dous centros existentes na ría de Ferrol; na idea do que sería un Complexo Integral; segundo recollía o informe do Consello Económico Social de Galiza no seu informe sobre a situación socio-económica da comarca elaborado Decembro de 2016.

Pola contra, o deseño dos plans de Navantia – concretados agora dun xeito rotundo no chamado “Plan Estratéxico”- confirman a idea de que a empresa quedará vinculada exclusivamente ao sector militar. De feito, coa marcha do flotel en maio deste ano e o escandaloso fraude do contrato coa petroleira mexicana Pemex, os estaleiros da comarca ficaron na práctica fóra do sector civil. Por iso, resultaría esperpéntico que, após os incumprimentos coa comarca, da inacción na procura do acceso real a todo tipo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de produción naval; fiquemos agora coa dicotomía de aceptarmos só o militar -agora concretado no proxecto das F110- ou desaparecer.

Nun dos últimos Consello de Ministros aprobouse a proposta de gasto para a construción de 5 fragatas F110 nos estaleiros de Navantia Ferrol, que poden repercutir positivamente nunha carga de traballo que sempre demandamos. Cómpre denunciar o retraso, o xogo noxento que o bipartidismo español continúa a facer co naval na comarca referida (lembremos a recente polémica polos provocados atrasos por parte do goberno do PP para facilitar a provisión de equipamentos dun ex-ministro); e os efectos que isto tivo e ten aínda na situación de desemprego e a deriva económica e demográfica que vivimos na comarca.

Cómpre dicir tamén que o proxecto do que estamos a falar aborda só unha parte da capacidade real do que representan as potencialidades dos estaleiros de Fene e Ferrol; ás que sería irresponsábel renunciarmos. Mais iso, non pode nin debe levarnos a non recoñecer un novo escenario, no que a Xunta de Galiza debe abandonar a política de mirar para outro lado - limitándose a facer de cómplice seguidista cando no Estado está o goberno amigo, e de “reivindicativa oposición” cando está o PSOE- mais nunca actuando coma un Goberno, con iniciativas claras que aposten polo naval como sector estratéxico.

Alén diso, o obrigado éxodo de profesionais do sector, provocado por máis de tres décadas de vetos e permanente reestruturación no sector naval da Ría de Ferrol, deixou un panorama no que a falta de persoal cualificado convértese nun problema real; no que poderíamos atoparnos co paradoxo de non haber profesionais para afrontar a carga de traballo que se aveciña. Neste aspecto, o capítulo da formación en estreita colaboración coa Universidade e o ámbito da FP- resulta un capítulo urxente e prioritario a abordar, nomeadamente para a industria auxiliar que se vai incorporar a este proceso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Visto o anterior, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a:

1.- Cumprimento da Lei 5/2010 de Fomento do sector naval de Galiza, no tocante ao papel que debe xogar a Xunta na promoción do sector e con relación ás empresas estatais situadas no País. Participación da Xunta no Consello de Administración de Navantia.

2.- Retomar a proposta do Centro Tecnolóxico para a modernización da industria naval, situado en Ferrol; coa perspectiva de recuperación tamén dos diversos campos do naval, aproveitando as sinerxías nun Complexo Integral da Construción Naval na Ría -vinculado á potenciación de todos os ámbitos da construción naval (civil, bens de equipo, reparacións, autoxeradores...)- e ligado especialmente co ámbito da universidade e da formación profesional.

3.- Impulsar de forma inmediata unha política de formación -dirixida fundamentalmente á empresa auxiliar que vai participar neste proceso- que permita a incorporación de man de obra cualificada -nomeadamente da xente nova- revertendo a situación de desemprego e deriva demográfica que vive a comarca.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 16:27:59

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 16:28:06

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 16:28:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 16:28:10

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 16:28:11

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 16:28:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao papel da administración diante das propostas de legalización e normalización dos ventres de alugueiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estamos diante dun escenario político e institucional non que é plausíbel que nun prazo non moi extenso de tempo se leve a debate a legalización e lexislación dunha forma de mercantilización do corpo da muller denominado co eufemismo de *xestación subrogada*. Neste contexto, entendemos que é importante que os foros políticos galegos deliberen a respecto desta cuestión.

Diversas entidades sociais así como organizacións políticas teñen feito o anuncio de inminentes propostas lexislativas, mesmo a través duna proposta de iniciativa lexislativa popular (ILP), impulsada por asociacións detrás das que se atopan intereses económicos claros (clínicas privadas, bufetes de avogacía...).

Desde o Bloque Nacionalista Galego aseveramos que se trata dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos de dignidade das mulleres e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desbotamos os intentos de limitar o debate ao terreo medicinal e á limitación do seu alcance a unha mera técnica de asistencia para a reprodución.

Por outra banda, cómpre recordar que nesta cuestión, como en calquera outra das moitas que atinxen á vida das mulleres, non é alleo o contexto social e económico. O momento de ofensiva capitalista, que ten graves consecuencias sobre as clases populares do noso país e, máis aínda, sobre as mulleres, alicerza esta nova ameaza e incide á hora de perpetuar e aumentar as desigualdades e o mantemento do sistema patriarcal.

Neste sentido, falamos premeditadamente de *ventres de alugueiro* no lugar de empregar eufemismos como *maternidade subrogada* por que entendemos que detrás desta práctica agóchase a mercantilización dos corpos das mulleres.

Internacionalmente, organismos nada sospeitosos de ser contrarios ao máis feroz capitalismo como o Parlamento Europeo advertiron desta nova forma de explotación das mulleres e da agresión que supón en termos de respecto aos dereitos humanos.

Por exemplo, no seu *Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea ao respecto (2015/2229(INI))* indicando literalmente “a práctica da xestación por substitución, que é contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas empréganse como unha materia prima” e tamén con contundencia que “debe prohibirse esta práctica que implica a explotación das funcións reprodutivas e a utilización do corpo con fins financeiros ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento”.

Doutra banda, entendemos tamén que non se pode identificar o feito de ter descendencia biolóxica como un dereito e polo tanto non se pode superpoñer este interese particular á salvagarda xeral do ben común e da igualdade. Ademais, existen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oportunidades como a adopción, que redunda tamén no cumprimento do dereito das crianzas a teren un fogar.

É habitual atopar entre os argumentos a favor deste procedemento o recurso ao “altruísmo”. Porén, adoita enmascarar outros intereses. Neste sentido, cómpre lembrar que non se pode decidir a regulación en base a casos específicos que puntualmente poidan situarse fóra da rede mercantil que existe neste ámbito e recordar a dificultade de dirimir con criterios obxectivos ese presunto altruísmo.

Cómpre, xa que logo, evitar agochar nesta vía o grande perigo que supón a normalización e banalización dos ventres de alugueiro. A orientación máis popular do debate vén xirando arredor do desexo da maternidade e paternidade biolóxicas e escúdase nas garantías legais de quen “contrata” este mecanismo. Nesta relación contractual, o papel da muller pasa a ser o de incubadora, despóxaselle de dignidade e sométese a prácticas abusivas durante a xestación e o parto, limitando a súa capacidade decisoria nun proceso que ten consecuencias que poden afectar á integridade persoal, emocional e física.

